

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 27 DE OUTUBRO DE 2009

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lic/1186/2009.- María José Rodríguez Ordoñez.- Rehabilitación de vivenda unifamiliar en Rúa da Eira Nova

DENEGADAS.-

Lic/403/2008.- Promociones Sanjorey, S. L.- Edificio de 10 vivendas na rúa Vista Alegre nº 121 – 123.

PARCELACIONES.-

Lic/994/2009.- Antonio Pombo Seoane.- Parcelación urbanística da parcela nº 573 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria de San Miguel dos Agros, sitono lugar de Socampo, na Vía Marconi. (+)

PRÓRROGAS.-

Lic/1321/2009.- Juan Ramón Insua Muñiz.- Vivenda unifamiliar no lugar de Grixoa

SUBSANACION DE ACORDO.-

Lic/1935/2008.- Raúl Viqueira Moscoso.- Subsanación do acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xullo de 2.009 polo que se concede ao interesado licenza de parcelación urbanística da parcela 258 do Polígono 2 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria de San Martín de Laraño no lugar de Coriniña nº 26 –Larañiño.

OCIHR

LICENZAS.-

LIC/2221/2008.- Dona DOLORES RODRIGUEZ VAZQUEZ.- Modificación de licenza para RESTAURACIÓN DE ESCALEIRAS na Rúa das Rodas 12.

LIC/2639/2008.- Don ARMANDO BASILIO ROSETE para a REFORMA INTERIOR DE VIVENDA na Corredoira das Fraguas 70 003.

LIC/1762/2009.- Aprobación do Plan Director da Catedral de Santiago

DISCIPLINA

DEVOLUCIÓN DE FIANZA.-

DIS/277/2009.- Devolución da fianza depositada por D.JOSÉ MARÍA FRAGA DOMÍNGUEZ, en garantía da licenza para a ocupación provisoria da vía pública cunha estada na Rúa Patio de Madres 10. O importe da fianza é de 601 €.

DIS/828/2008.- Devolución da fianza depositada por Promociones Fernández Taboada, S.L. en garantía da licenza de ocupación provisoria da vía pública con andamio en rúa de Santo Antonio nº 8. O improte da fianza é de 601 €

4.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas por importe de 2.480 euros.

5.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais de Casco Histórico.

Apróbase unha axuda para unha vivenda na rúa das Rodas por importe de 12.074,85 euros.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo relativa á aprobación da concesión de subvencións á realización de actividades de promoción e dinamización comercial no Concello de Santiago para o ano 2009.

Apróbase a concesión de axudas ás seguintes entidades: Agrupación de comerciantes de sAntiago (22.054,17 euros); Fundación Santiago Centro (21.248,15 euros); Compostela Monumental (22.054,17 euros); Asociación de comerciantes da rúa de San Pedro (351,98

euros); Asociación do gremio de Xoiería, Orfebrería e Acibechería de Santiago (12.291,52 euros).

7.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á aprobación da acción "Auditoría e elaboración de informe de necesidades a establecementos comerciais dentro do programa Plan de Mellora para os comercios en activo".

Apróbanse as accións a realizar na anualidade 2009 dentro do programa Plan de Mellora para os comercios en activo relativas á "auditoría e elaboración de informe de necesidades a establecementos comerciais" por importe de 22.500 euros.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á solicitude dunha subvención á Consellería de Traballo para a contratación de axentes de emprego para 2009.

Solicítase unha subvención de 24.991,28 euros.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Xuventude relativa á aprobación provisional da concesión de subvencións destinadas ao fomento de actividades dirixidas á xuventude. Ano 2009.

Acórdase subvencionar 23 asociacións cun importe global de 25.000 euros.

10 a 14.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica e no imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Concédense os devanditos beneficios.

15.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao inicio de expediente de responsabilidade patrimonial por ocupación de terreo na rúa de Santas Mariñas, con proposta de terminación convencional.

Iníciase o expediente de responsabilidade patrimonial por ocupación dun terreo de 88 m2 e apróbase a proposta de terminación convencional do procedemento segundo o convenio urbanístico polo que se obteñen 88 m2 da rúa Santas Mariñas.

16.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á resolución de recursos de reposición interpostos contra o acordo de corrección de erros de data do 28 de xullo de 2009 do proxecto de compensación do solo urbanizable non programado número 25 (SUNP-25) de Roxos.

Rexéitanse os recursos de reposición.

17.- Proposta da concelleira delegada de Casco Histórico relativa á aprobación inicial da Modificación puntual do Plan especial da cidade histórica e rehabilitación (PE-1) para a construción do albergue de peregrinos en Belvís.

Apróbase inicialmente a devandita modificación puntual.

18.- Gratificacións por prestación de servizos extraordinarios e plus de transporte.

Apróbase o aboamento de horas extraordinarias a diverso persoal municipal.

19.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión de diversas instalacións deportivas, aprobación dos criterios xerais de concesión, e dar conta das normas básicas de funcionamento interno.

Acórdase a cesión de diferentes pavillóns polideportivos da cidade para actividades deportivas.

20.- Propostas do concelleiro delegado de Mercados relativas ao traspaso de diversas casetas da praza de abastos.

Autórizanse cambios de titularidade, cesións e traspasos en varias casetas.

21.- Adxudicación provisional do Servizo de coordinación e seguemento do proxecto europeo SUITE The Housing Project: Inclusión social e urbana por medio da vivenda.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia a Anita Leirvik por importe de 53.350 euros. (IVE a soportar pola Administración).

22.- Prórroga do contrato de Servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexionela nas instalacións deportivas municipais.

Prorrógase por un ano o contrato de referencia subscrito coa empresa ARUMIA, SL, e apróbese a revisión do prezo de adxudicación que queda fixado en 25.410,86 euros.

23.- Contrato de seguro de asistencia sanitaria para o persoal funcionario do Concello de Santiago de Compostela.

Acórdase aceptar a petición realizada por La Unión Madrileña de non prorrogar o contrato e acórdase iniciar o procedemento de contratación orientado á subscrición dun novo seguro de saúde.

24.- Adxudicación provisional do contrato de conservación e mantemento do parque de Brandía.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa ASPAS EMPREGO SL, por importe de 116.408,56 euros (IVE a soportar pola Administración).

25.- Servizo de mantemento, conservación e reparación das instalacións do sistema de control de tráfico do termo municipal de Santiago.

Apróbese o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente anticipado de gasto para a citada contratación por procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 476.581,91 euros máis IVE.

26.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á solicitude dunha subvención ao Ministerio de Sanidade e Consumo con cargo ao Fondo de Bens Decomisados por tráfico de drogas.

Acórdase solicitar unha subvención de 42.000 euros.

27.- Aprobación da liquidación do primeiro trimestre de 2009 das actividades da rede sociocultural.

Apróbese a liquidación cun superávit de 3.901,43 euros.

28.- Proposta da concelleira delegada de Réxime Interior relativa á aprobación da convalidación do gasto e recoñecemento das obrigas derivadas da prestación do servizo de mantemento e reparación de vehículos municipais.

Apróbese a convalidación do gasto e recoñecemento das obrigas derivadas da prestación deste servizo desde a data da súa finalización en marzo pasado e ata o mes de xullo, xa que a entidade dos traballos executados implicou a súa imposible paralización.

29.- Dar conta da sinatura do convenio de cooperación asinado entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Concello de Santiago para a provisión de tres bolsas de prácticas nos programas de normalización lingüística deste Concello.

Dáse conta do devandito convenio.

URXENCIAS

- 1- Apróbese a concesión das subvencións destinadas ao fomento do deporte federado do ano 2009 a 51 entidades por importe de 269.999,81 euros.
- 2- Apróbese a concesión das subvencións a entidades sen fin de lucro do ámbito cultural ano 2009 a 39 asociacións por importe de 39.500 euros.
- 3- Acórdase a contratación dun arquitecto superior no servizo de Obras e Proxectos.